

Bota a andar ‘Pontevedra Ficción’ coa totalidade das prazas cubertas

Con este obradoiro de creación literaria a Deputación súmase á rede de Escolas de Escritoras e Escritoras que a AELG desenvolve por todo o país

Esta tarde iniciou a súa andadura “Pontevedra Ficción”, o obradoiro de creación literaria co que a Deputación de Pontevedra se suma á rede de Escolas de Escritoras e Escritores que a AELG ten por todo o país. O obradoiro, que ten un límite de 20 persoas participantes, vén de celebrar a súa primeira sesión con todas as prazas cubertas.

“Pontevedra Ficción” está impartido pola autora Elena Gallego, coñecida por ser a creadora da saga literaria Dragal e da novela Sete Caveiras. Segundo indicara xa na presentación da iniciativa, a autora traballará coas persoas participantes a partires de sesións dinámicas e prácticas que lles permitan crear os seus propios relatos e ambientalos en escenarios, reais ou imaxinarios, da cidade de Pontevedra. Das doce sesións do obradoiro, unha delas estará dedicada a unha lección maxistral a cargo de José Benito García Iglesias, que xa ten publicado unha novela histórica ambientada na cidade do Lérez.

As persoas participantes asumirán o reto, da man de Elena Gallego, de crear unha guía imaxinaria da cidade de Pontevedra. Así, a cidade será o punto de partida para abordar lendas, fitos e personaxes que lle permitan ás persoas participantes crear as súas propias historias. Ademais, a Deputación, a través da Editorial do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, publicará os traballos resultantes do curso.

As seguintes sesións terán lugar o vindeiros mércores e xoves, 22 e 23 de febreiro; e continuarán os días 6, 8, 16, 20, 22, 27 e 29 de marzo; e o 3 e 5 de abril. Todas as sesións terán lugar no Arquivo provincial entre as 17 e as 19 horas.